


# INFORME DE ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

(Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural)

---

Curso 2018/19

R1 DO-0201 P1



## INFORME DE ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

### Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

CURSO 2018-2019

---

#### Índice

I.	Información xeral	2
II.	Coordinación	2
III.	Accións de coordinación	2
	3.1. Calendario de xestión da planificación académica	2
	3.2. Reunións de coordinación da CAM	3
	3.3. Accións académicas docentes: horarios, avaliación, TFM, Prácticas, Guías docentes, plataforma teledocencia, admisión de alumnos	5
	3.4. Accións académicas da titulación: modificación puntual da memoria do Máster, renovación puntual da composición da CAM	7
IV.	Conclusións	8

## I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Máster universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Historia
Modalidade	Semipresencial
Plano de estudos	Curso 18-19: Plan 2018
Curso de implantación	2014/2015

## II. COORDINACIÓN

Coordinación de título	Fermín E. Pérez Losada		
Coordinadores de módulo docente	Módulo	Coordinador	Centro
	Módulo 1	Fermín Pérez Losada	Fac.Historia
	Módulo 2	Belén Riveiro Rodríguez	Escola Enxeñaría Industrial
	Módulo 3	Beatriz Comendador Rey	Facultade de Historia
	Módulo 4 (Practicum+TFM)	Domingo Rodríguez Teijeiro	Facultade de Historia
CAM	Cargo	Responsable	Centro
	Coordinador	Fermín Pérez Losada	Facultade de Historia
	Secretario	Adolfo Fernández Fernández	Facultade de Historia
	Vogal	Belén Riveiro Rodríguez	Escola Enxeñaría Industrial
	Vogal	Mercedes Solla Carracelas	Centro U. de Defensa
	Vogal	Elena de Uña Álvarez	Facultade de Historia
	Vogal	Joaquín Martínez Sánchez	Esc. Enx. Minas e Enerxía


## III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN




### 3.1. CALENDARIO DE XESTIÓN DA PLANIFICACIÓN ACADÉMICA (CURSO 2018-2019)




TAREFA	RESPONSABLE	DATAS
Aprobación PDA e oferta prazas Máster	CAM / Xta. Fac.	Febreiro 2018
Aprobación POD	CAM / Cons. Dep.	Marzo 2018
Avaliación da ACSUG para renovación da acreditación do Máster	Fac. Historia	Maio 2018
Elaboración e revisión de Guías Docentes	Profesorado / Coord.	Xuño 2018

Aprobación das Guías Docentes	CAM	Xullo 2018
Elaboración do calendario xeral, horarios, probas de avaliación, cronograma de Prácticas e TFM	Coord.	Xuño-Xullo 2018
Aprobación do calendario xeral, horarios, probas de avaliación, cronograma de Prácticas e TFM	CAM	Setembro 2018
Listaxes valoradas de admisión no Máster	CAM	Xullo-Setembro- Outubro 2018
Elaboración e revisión de cursos virtuais na plataforma Moodle	Profesorado / Coord.	Setembro 2018 en adiante
Programación e execución do PAT	Respons. PAT / CAM	Outubro 2018 – Febreiro 2019
Aprobación solicitudes e tribunais de TFM para convocatoria adiantada	CAM	Novembro 2018
Convalidación de Prácticas 1º prazo	CAM	Novembro 2018
Asignación provisoria de titores para Prácticas externas	CAM	Febreiro 2019
Declaración de intencións para modificación puntual da memoria do Máster	Xta Fac	Febreiro 2019
Aprobación solicitudes e tribunais de TFM para convocatoria xuño e xullo	CAM	Febreiro-Marzo 2019
Asignación definitiva de titores para Prácticas externas	CAM	Marzo 2019
Convalidación de Prácticas 2º prazo	CAM	Marzo 2019
Convocatoria bolsas propias de mobilidade para prácticas	CAM	Marzo 2019
Asignación tribunais TFM para convocatoria de xuño	CAM	Xuño 2019
Aprobación documento definitivo de modificación puntual da memoria do Máster	CAM / Xta Fac	Xuño-Xullo 2019
Asignación tribunais TFM para convocatoria de xullo	CAM	Xullo 2019
Aprobación Informe de coordinación	Comisión de calidade	Setembro 2019
Aprobación Informe de coordinación	CAM / Xta Fac	Setembro 2019

### 3.2. REUNIÓN DE COORDINACIÓN DA CAM

Data	Orde do día	Documento xustificativo
07/09/2018	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aprobación, se procedese, das actas das CAM precedentes (09/04/2018; 13/06/2018; 10/07/2018; 24/07/2018).</li> <li>2. Informe do Coordinador.</li> <li>3. Aprobación da listaxe baremada de concesión de bolsas de mobilidade do curso 2017-2018.</li> <li>4. Asuntos de matrícula no curso 2018-2019: listaxe provisoria de admitidos/excluídos no 2º prazo de matrícula (07/09/2018), solicitude de apertura do 3º prazo de matrícula.</li> </ol>	 Acta_CAM_2018_09_07.pdf

	<p>5. Asuntos de calendario/horarios do curso 2018-2019: aprobación do calendario xeral do Máster, do calendario de datas de avaliación, do cronograma de prácticas e do cronograma semanal de sesións, actividades e probas de avaliación.</p> <p>6. Asuntos de TFM: aprobación do calendario xeral do TFM para o curso 18-19 e dos cronogramas e protocolos de depósito e defensa nas convocatorias adiantada e ordinarias.</p> <p>7. Rogos e preguntas.</p>	
07/11/2018	<p>1. Aprobación, se procedese, da acta da CAM precedente (07/09/2018).</p> <p>2. Aprobación de asuntos de matrícula no curso 2018-2019:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Listaxes provisoria (02/10/2018) e definitiva (10/10/2018) de admitidos/excluídos no 3º prazo de matrícula</li> <li>• Solicitudes de 2 matrículas fóra de prazo (31/10/2018)</li> <li>• Solicitude de 1 matrícula a tempo parcial (22/10/2018)</li> </ul> <p>3. Aprobación de solicitudes de recoñecemento de créditos de prácticas tramitadas no 1º prazo (novembro 2018).</p> <p>4. Aprobación de asuntos de TFM:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Solicitudes de defensa de TFM en convocatoria adiantada (xaneiro 2019)</li> <li>• Designación de membros de tribunais de TFM para convocatorias ordinarias do curso 18-19</li> </ul> <p>5. Asuntos económicos: previsión e execución de gastos para o exercicio económico 2018</p> <p>6. Rogos e preguntas.</p>	 Acta_CAM_2018_11_07.pdf
22/02/2019	<p>1. Aprobación, se procedese, das actas das CAM precedentes (07/09/2018 e 07/11/2018).</p> <p>2. Nomeamento, se procedese, do prof. Joaquín Martínez como membro da CAM por mor da baixa voluntaria da profª Natalia Caparrini.</p> <p>3. Aprobación, se procedese, da proposta de PDA para o curso 2019-2020.</p> <p>4. Aprobación, se procedese, da distribución de bolsa de horas de Máster para o curso 2019-2020.</p> <p>5. Aprobación, se procedese, de asuntos de TFM:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Solicitudes de titoración de TFM para o curso 18-19</li> <li>• Replantexamento da composición de tribunais de TFM para convocatorias ordinarias do curso 18-19</li> </ul> <p>6. Aprobación, se procedese, de asuntos de Prácticas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Listaxe provisional de Prácticas para o curso 18-19</li> <li>• Convocatoria de bolsas de mobilidade do Máster (para realización de prácticas) para o curso 18-19</li> </ul> <p>7. Informe do Coordinador e/ou Secretario: execución do PAT, publicación dixital dos TFM xa lidos, modificación puntual da memoria do Máster, viabilidade futura do mesmo, etc.</p> <p>8. Rogos e preguntas.</p>	 Acta_CAM_2019_02_22.pdf
29/03/2019	<p>1. Aprobación, se procedese, das actas das CAM precedentes (07/09/2018, 07/11/2018 e 22/02/2019).</p> <p>2. Aprobación, se procedese, do POD para o curso 2019-2020.</p> <p>3. Aprobación, se procedese, de asuntos de TFM:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Listaxe definitiva de solicitudes de titoración de TFM para o curso 18-19</li> <li>• Composición de tribunais de TFM para o curso 18-19</li> </ul> <p>4. Aprobación, se procedese, de asuntos de Prácticas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Listaxe definitiva de Prácticas para o curso 18-19 e asignación de titores</li> <li>• Informe de convalidación de Prácticas para o curso 18-19</li> <li>• Convocatoria de bolsas de mobilidade de prácticas do Máster para o curso 18-19</li> </ul> <p>5. Informe do Coordinador</p> <p>6. Rogos e preguntas.</p>	 Acta_CAM_2019_03_29.pdf

11/06/2019	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aprobación, se procedese, de asignación de tribunais e días/horas de actuación para lectura e defensa de TFMs na convocatoria de xuño.</li> <li>2. Aprobación, se procedese, de informe favorable para modificación ou ampliación de matrícula fóra de prazo solicitada pola alumna Erika Ullauri Parra.</li> <li>3. Informe do Coordinador</li> <li>4. Rogos e preguntas.</li> </ol>	 Acta_CAM_2019_06_11.pdf
09/07/2019	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aprobación, se procedese, de Actas de CAMs precedentes (07/09/2018; 07/11/2018; 22/02/2019; 29/03/2019; 11/06/2019)</li> <li>2. Aprobación, se procedese, das Guías Docentes (DocNet) para o curso 19-20</li> <li>3. Aprobación, se procedese, da listaxe provisoria de admisión/exclusión no 1º prazo de matrícula para o curso 19-20 (09/07/2019)</li> <li>4. Aprobación, se procedese, de asignación de tribunais e días/horas de actuación para lectura e defensa de TFMs na convocatoria extraordinaria de xullo 2019</li> <li>5. Asuntos de TFM:           <ul style="list-style-type: none"> <li>• Novo calendario de defensa (convocatoria de xullo pasa a setembro) para o curso 19-20</li> <li>• Opción de aplicar este novo calendario no actual curso 18-19, ampliando a convocatoria de xullo ata o mes de setembro</li> <li>• Debate sobre a posibilidade de reforma do regulamento do TFM para permitir que os tribunais xulgadores sexan de tipo unipersoal</li> </ul> </li> <li>6. Informe do Coordinador</li> <li>7. Rogos e preguntas.</li> </ol>	 Acta_CAM_2019_07_09.pdf
31/07/2019	PUNTO ÚNICO: Asuntos de matrícula para o curso 2019-2020 <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprobación, se procedese, da listaxe DEFINITIVA de admisión/exclusión no 1º prazo de matrícula para o curso 19-20 (16/07/2019)</li> <li>• Información sobre o nº de alumnos/as efectivamente matriculados no 1º prazo e nº de prazas vacantes ofertadas para o 2º prazo</li> <li>• Campaña de promoción e publicidade para o 2º prazo de matrícula</li> </ul>	 Acta_CAM_2019_07_31.pdf

### 3.3. ACCIÓNS ACADÉMICAS DOCENTES: HORARIOS, AVALIACIÓN, TFM, PRÁCTICAS, GUÍAS DOCENTES, PLATAFORMA TELEDOCENCIA, ADMISIÓN DE ALUMNOS

#### ➤ Guías Docentes (DocNet)

Xuño 2018: Primeira revisión do coordinador das guías docentes do Máster curso 2018/2019, corrixindo e bloqueando os apartados de competencias e resultados da aprendizaxe.

26/06/2018: Comunicación por mail a tódolos profesores coordinadores de materias, enviándolle un documento con instrucións, novidades e indicacións para proceder a elaborar a guía docente de cadansúa materia.



Instruccions  
DocNet 18-19 Maste

26/06 a 09/07/2019: Revisión do coordinador das guías docentes enviadas polo profesorado, corrixindo as eivas, erros ou incongruencias onde foi necesario

facelo. Bloqueo final da aplicación unha vez que todas as materias estiveron revisadas.

09/07/2019: Aprobación das Guías Docentes na CAM.

### ➤ **Calendario, horarios, probas de avaliación, cronograma do TFM**

Xullo/2018: Elaboración por parte do Coordinador do calendario xeral do Máster, das datas límite de probas de avaliación (exames, entrega de traballos) e cronograma xeral do TFM (solicitudes de titoración, datas de depósito, datas de lectura). Tamén se elabora, coa axuda da ferramenta Google Calendar, unha proposta de horarios semanais concretos de tódalas sesións *e-meeting* das materias, que é remitida ao profesorado para que a analicen e fagan as alegacións que estimen oportunas.



Calendario general  
master 2018-2019.pdf



Calendario-horario  
s Master curso 18-19



Fechas límite  
evaluación Master 2



Calendario general  
TFM curso 2018-2019

Setembro/2018: Revisión e corrección dos horarios e cronogramas segundo as alegacións recibidas dos profesores. Aprobación destes documentos na CAM celebrada o 07/09/2018, subíndose posteriormente á web para a súa difusión pública.

### ➤ **Plataforma de teledocencia *Moodle* e de multivideoconferencia *e-meeting***

Setembro/2018 a Xaneiro/2019: Revisión, fiscalización e axuda por parte do coordinador dos contidos e funcionamento da plataforma Moodle de cada materia. Asesoría aos alumnos no manexo e funcionamento destas ferramentas informáticas, especialmente das sesións de videoconferencia por *e-meeting*.

### ➤ **Cronograma, asignación e convalidación de Prácticas externas**

Setembro/2018: Elaboración, por parte da coordinadora de prácticas, do cronograma xeral de desenvolvemento da materia.

Novembro/2018: Recoñecemento de créditos (convalidacións) de Prácticas presentadas no 1º prazo (CAM do 07/11/2018)



Mestrado\_HTCO3\_i  
nforme\_conval\_2018

Febreiro/2019: Asignación de títolos académicos e listaxe provisoria de Prácticas Externas (CAM do 22/02/2019).

Marzo/2019: Aprobación da listaxe definitiva de prácticas académicas e Recoñecemento de créditos (convalidacións) de Prácticas presentadas no 2º prazo (CAM do 29/03/2019)

2ª\_Listaxe\_definitiva  
\_practicas\_MHTCO3\_Mestrado\_HTCO3\_i  
nforme\_conval\_2019

➤ **Aceptación de solicitudes e asignación de tribunais para lectura e defensa de TFMs.**

Decembro/2018: Aprobación de listaxe de TFMs autorizados para Convocatoria Adiantada (CAM do 07/11/2018)

Listado TFMs  
autorizados CAM pa

Marzo/2019: Aprobación de Listaxe definitiva de solicitudes de titoración de TFM e composición de tribunais de TFM para convocatorias ordinarias do curso 18-19 (CAM do 29/03/2019)

Listado TFMs  
autorizados CAM paTribunales TFM  
convoc. ord. 2018-2l

Xuño/2019: Aprobación de asignación definitiva de tribunais e de día/hora de actuación para a lectura de TFMs na convocatoria de xuño (CAM do 11/06/2019)

Asignacion  
tribunales conv juni

Xullo/2019: Aprobación de asignación definitiva de tribunais e de día/hora de actuación para a lectura de TFMs na convocatoria de xullo (CAM do 09/07/2019)

Asignacion  
tribunales conv julic

➤ **Admisión de alumnos/as para matrícula no Máster (1º, 2º e 3º prazo).**

Xullo e Setembro-Outubro/2018: Publicación das listaxes de admisión de alumnos no Máster, tanto no 1º prazo (xullo) como no 2º (setembro) e 3º prazo (outubro), aprobadas nas CAM respectivas de 24/07, 07/09 e 07/11 de 2018. Tamén se admitiu a matrícula de alumnos fóra de prazo.

Admitidos-Excluído  
s DEFINITIVOS 1º plæAdmitidos-Excluído  
s DEFINITIVOS 2º plæAdmitidos-Excluído  
s DEFINITIVOS 3º plæInforme CAM para  
matricula fora de præ

**3.4. ACCIÓNS ACADÉMICAS DA TITULACIÓN: MODIFICACIÓN PUNTUAL DA MEMORIA DO MASTER (PLAN 2018), RENOVACIÓN PUNTUAL DA COMPOSICIÓN DA CAM**



➤ **Modificación puntual da memoria do Máster plan 2018**

Febreiro 2019: Declaración de intencións de modificación puntual (adscripción do Máster exclusivamente á Facultade de Historia) da memoria do Máster plan 2018 (Xunta Centro do 14/02/2019 e CAM do 22/02/2019).

Maió 2019: Labores de redacción da modificación puntual da memoria do título. Envío do primeiro borrador á Vicerreitoría e exposición pública do mesmo.

Xuño-Xullo/2019: Aprobación da memoria modificada en Xunta de Centro (25/06/2019) e publicación da memoria definitiva pola Vicerreitoría.



2019\_Memoria\_DEFINITIVA\_modificaci3n

➤ **Renovación puntual da composición da CAM**

Febreiro 2019: Nomeamento de Joaquin Martínez Sánchez (Esc. Enx. Minas e Enerxía) como vogal da CAM en substitución de Natalia Caparrini Marín (Esc. Enx. Minas e Enerxía) por mor da baixa voluntaria desta última ao ser elixida Vicerreitora de Estudiantes (CAM do 22/02/2019).

---

## IV. CONCLUSIONES

O curso 2018-2019 foi o primeiro de implantación definitiva do novo plano de estudos 2018, resultado dos arduos traballos de modificación da memoria da titulación que tiñan ocupado boa parte da dedicación e esforzos da coordinación e da CAM durante os meses precedentes (de marzo a xullo de 2018).

A implantación do novo plano implicou unha profunda remodelación de contidos da web e mais unha campaña promocional da renovada titulación, coa edición e distribución de novos cartazes e a inclusión dun *banner* publicitario en medios dixitais galegos (edición dixital de *La Voz de Galicia*).

A pesar destas accións de difusión e promoción, a matrícula no Máster non foi a esperada, quedando finalmente establecida en 16 alumnos, 4 por debaixo do número mínimo esixido. Curiosamente, sí que houbo unha demanda suficiente de matrícula (29 solicitudes), pero infelizmente bastantes dos admitidos non chegaron a formalizar matrícula en tempo e prazo. Isto obrigou a abrir sucesivamente os tres prazos de inscrición e matrícula (xullo, setembro e outubro 2018), admitíndose incluso posteriormente unha alumna mais fóra de prazo. Dado que nunca se cubriron as prazas dispoñibles, non foi necesario proceder coa baremación valorada dos solicitantes.

Outra consecuencia negativa do descenso de matrícula foi a correspondente

redución (de arredor do 25%) do orzamento 2019 asignado ao Máster, que obrigou a reducir drásticamente os gastos de bolsas e honorarios de profesorado externo.


Polo demais, os labores de coordinación académica e docente foron os habituais, xa ensaiados e testados no curso precedente. Os primeiros traballos desenvolvidos foron a aprobación da PDA e POD para o curso 18-19 (febrero-marzo 2018) para, posteriormente (xuño-outubro 2018), proceder coa elaboración, revisión e aprobación das Guías Docentes, a elaboración e aprobación de calendarios, horarios e probas de avaliación, programación do plan de acción tutorial (PAT), levado a cabo polo profesor responsable do mesmo (Adolfo Fernández Fernández), e tamén a publicación das listaxes de admisión nos tres prazos nos que estivo aberta (xullo, setembro e outubro 2018).

As accións de índole docente estiveron encamiñadas a mellorar e optimizar os recursos didácticos dun Máster que é exclusivamente virtual e semipresencial, como poden ser a especial atención aos contidos e funcionamento das plataformas de teledocencia (Moodle) e videoconferencia (*e-meeting*). Tamén se intentaron organizar de modo mais coherente e operativo posible tanto as Prácticas externas como, especialmente, o TFM (cronograma detallado, protocolo de actuación e defensa en cadansúa convocatoria de lectura).

As accións de índole académica estiveron restrinxidas a unha renovación puntual da composición da CAM acontecida en febreiro de 2019 (sustitución da vogal Natalia Caparrini por Joaquín Martínez) e mais nunha modificación puntual da memoria vixente do Máster (plan 2018), consistente en adscribilo exclusivamente á Facultade de Historia de Ourense, decaendo da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía de Vigo.

Esta modificación da memoria, malia que aparentemente menor e puntual, obrigou sen embargo a seguir o proceso administrativo común previsto para a modificación de calquera título, desde a declaración de intencións (febreiro 2019), seguida da remodelación integral da memoria do título e memoria xustificativa para a súa exposición pública (maio 2019), ata a aprobación final en Xunta de Centro e publicación da memoria definitiva pola Vicerreitoría (xuño-xullo 2019).

Ourense, a 16 de setembro de 2019



Asdo. Fermín E. Pérez Losada  
Coordinador do Máster HTCO3